

No Peirao



x u ñ o
2 0 0 5

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA



Anxo Quintana e o milagre de Allariz

É o modelo de Allariz o que Quin quere para toda Galicia, un modelo que demostra que se pode crear emprego tamén nas pequenas vilas, que se pode evitar que os mozos e mozas marchen, que se pode implicar á poboación nun proxecto que ilusione e que se poden usar fondos europeos para crear riqueza e non só para dar subvencións.



Antes de chegar Quin o río Arnoia podía cruzarse a pé por riba das augas, por mor do lixo que tiña.

SE QUIN FIXO DUNHA VILA MORTA O LUGAR MÁIS PRÓSPERO DE OURENSE, QUE NON O ÍA FACER CO PAÍS GALEGO ?

Xa son poucos en Galicia, e alén dela, os que non oiron falar, ou non viron cos seus propios ollos, o milagre de Allariz. Poucas vilas teñen hoxe o prestixio desa xoia á beira do río Arnoia, que vén dado pola abraiante transformación urbana, social e medioambiental que sufriu nos últimos quince anos baixo o goberno do BNG. E o prestixio, claro, tradúcese en prosperidade, crecemento poboacional, dinamización..., xa que logo, calidade de vida.

En Galicia o milagre alaricán rachou moldes, mudou o concepto de conservación polo máis eficaz de rehabilitación, fixo dos proxectos actuacións reais e le-

vou a imaxinación e a innovación á práctica. A vila, cunha apaixonante historia que fala de reis, cantigas, foros e irmandiños, era a segunda cidade da provincia en 1900, contaba cunha chea de fábricas de curtido do coiro, unha boa industria téxtil e agrícola, pero decaeu ata acadar unha situación insostíbel entre as décadas de 1960 e 1980. O control urbanístico era nulo, a inhabilitabilidade do casco vello medraba, a calidade ambiental do río era noxenta, o tecido socioeconómico esmorecía e a xente nova emigraba.

A finais dos oitenta, co apoio dun decidido movemento veciñal preocupado pola desvalorización da vila en todos os eidos, accede ao poder municipal Anxo Quintana, Quin. Foi como unha revolta que logo bendicirían as furnas con varias maiorías absolutas. Máis que milagre foi pois unha revolución.

Hoxe, Allariz é máis que vila modelo, exemplo de planificación urbana, referente turístico e cultural, espello de sustentabilidade e bo gusto. Un traballo ben feito apoiado nun entendemento político-cidadán exemplar, que lle fixo gañar en 1994 o Premio Europeo de Urbanismo competindo con Berlín e Porto, algo sen precedentes nunha vila tan pequena e por riba de interior.

Os seus detractores din que unha cousa é gobernar un concello de 5.000 habitantes e outra todo un país. Certo, máis non o é menos que concellos do tamaño de Allariz hainos abondo, e ninguén fixo nada igual, nin aproximado. Políticos de todas as cores –incluídos o PP e o PSOE– e procedencias teñen visitado ese recuncho do Arnoia para aprender, ou polo menos ver. Mais unha cousa é ver e outra exercer.



Quen é QUIN ?

É como se coñece no BNG a Anxo Quintana. Naceu na vila ourensá de Allariz en 1959. Comezou estudando medicina, pero as súas ansias nacionalistas e a defensa dos agricultores da súa terra fixéronlle deixar a carreira, aínda que por desexos da súa nai rematou a carreira de enfermería. Exerceu no Hospital de Ourense mentres traballaba no Sindicato Agrario Nacionalista.

Participou en 1982 na formación do BNG e en 1983 saeu escolleito concelleiro de Allariz. Liderando inquietudes veciñais chega a alcalde en 1989 e emprende a **meirande reforma nunca coñecida nun pobo galego**. No 2000 é designado polo Parlamento Galego **senador** e en 2003 asume a **portavocía nacional do BNG** e é aclamado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia. **SERÁ PRESIDENTE.**

Que fixo **Quin** en Allariz?

QUIN FACÍA ASEMBLEAS VECIÑAIS PARA ATENDER AS DEMANDAS DO POBO E VIAXOU POR ESPAÑA E EUROPA NA PROCURA DE ALTERNATIVAS ECONÓMICAS PARA O SEU POBO. E ATOPOUNAS.

Ao chegar ao goberno Quin díxolle aos concelleiros: “*soñade como queredes que sexa Allariz dentro de 10 anos*”. Logo levounos ao seu despacho e díxolles: “*e agora buscade os cartos para que ese soño se faga realidade*”.

Quin emprendeu con éxito a elaboración dun **plan xeral** para rehabilitar o casco vello; contratou mozos e mozas universitarios para crear unha das primeiras **Axencias de Desenvolvemento Local** de Galicia, para que buscaran alternativas de negocio na vila e dar á mocidade a oportunidade de crear empresas en Allariz (tendas de artesanía e produtos de calidade, galerías de arte, vinoteca, restaurantes...). Hoxe é unha das principais vilas turísticas de Galicia e ese sector deixa centos de millóns ao ano no pobo.

Foi un **pioneiro no turismo rural** rehabilitando muíños e velas fábricas; cre-

ou a que aínda é a única **Central de Coxeneración de Biomasa** de Galicia, que produce enerxía queimando a broza procedente da limpa dos montes e que, entre outras cousas, servía para a climatización da piscina municipal; **rexenerou o río** cun dos mellores paseos e praia flu-

Con só 5.500 habitantes, Allariz ten 6 museos, gardería pública e empresa municipal de turismo, transporte e luz.

vial de Galicia; creou o Parque Etnográfico do Arnoia (**rede de pequenos museos**, coiro, tecido, xoguete... con miles de visitantes ao ano); fixo unha das primeiras garderías públicas de Galicia, radio municipal, oficina de rehabilitación...

Allariz conta con moitos **proxectos innovadores**: a Escola Galega de Deseño (apoiada polos mellores deseñadores galegos); unha residencia de estudantes que van e veñen de Ourense acotío; unha escola de silvicultura na que mozos e mozas aprenden a sacarlle partido á terra, ao gando e a facer empresas; o primeiro ecoespazo galego (onde se fai o único queixo curado do país e se crían anos para a venda); unha explotación de gando autóctono en liberdade, cuia carne é reclamada en toda Europa; un selo “**Produto de Allariz**”, para valorizar produtos locais (amendoados, licores da terra...).



E non se esqueceu das parroquias: comunicounas cunha empresa municipal de transportes con pequenos autobuses (Allarbus), déulles luz creando outra (Allarluz) e dinamizou o turismo con outra (Retatur). Se non había emprendedores o concello daba a idea, os medios e logo sacaba a concurso concesións a baixo prezo.



Antiga fábrica de curtidos rehabilitada como Pousada.



Cultura na rúa. Músicos contratados polo concello amenizan un fin de semana nunha das prazas da vila.

O que **QUIN** nunca faría

Según o xornal *El País* (domingo 12 de xuño) Anxo Quintana é o candidato á presidencia da Xunta máis sinceiro, con máis capacidade para o diálogo e máis honesto. Non se trabuca a xente. **En dez anos de goberno e logo de centos de inauguracións nin unha soa placa en Allariz leva o seu nome.** Todas comezan: “*O pobo de Allariz inaugurou esta...*”.

Pola contra, e segundo denuncia o diario dixital Vieiros o PP, vendo que perde a Xunta sen remedio, está a colocar aos seus altos cargos en fundacións públicas e demais para que non queden sen traballo o 20 de xuño. A CIG elaborou unha lista na que figuran unha trintena de casos de nomeamentos de parentes de altos cargos da Xunta e dirixentes do PP. Están ao voso dispor na web www.destavai.com, que conta cunha Liga de Campións, vamos, os mellor enchufados e os postos que lles foron da-

dos: Rosario Fraga, **irmá do presidente da Xunta**, e os seus fillos Pedro e María Puy Fraga, así como o home desta última, José Luis Rodríguez Pedreira. José Benito Suárez Acosta, **mariño da ex ministra Ana Pastor**. Ángel Currás, **irmán do concelleiro de Educación**. Carmen Martín de Pozuelo Romay, **sobriña de José Manuel Romay Beccaría**. Xacobe Pérez, concelleiro do PP en Santiago, presentador de programas de coñiza na TVG e imitador de Fraga en radios e saraos. María Astray, filla do ex alcalde popular de Ames. Miguel Rodríguez, fillo do voceiro municipal do PP en Compostela Dositeo Rodríguez. Manuel Luís Silva Constenla, fillo de Manuel Antonio Silva Romero, Secretario Xeral da Consellería de Sanidade... E é que agora os alcaldes tamén se presentan a oposicións, como o de Boqueixón, que as aprobou, claro está. Conclusión: **HAI QUE BOTALOS.**

Decenas de altos cargos do PP aproban sospeitosamente oposicións e son empregados en fundacións públicas polo que acontece o 19 de xuño.